

A economía da Unión Europea en tempos da COVID-19

José Manuel Rueda-Cantuche*¹

Centro Común de Investigación, Comisión Europea, Calle Inca Garcilaso 3, Edificio EXPO, 41092 Sevilla, España

Recibido: 26 de abril de 2021 / Aceptado: 16 de maio de 2021

Resumo

A pandemia da COVID-19 está a ter un impacto sen precedentes na economía europea. Neste artigo imos analizar as últimas cifras publicadas por Eurostat para 2020 e o último informe de proxección económica publicado pola Comisión Europea, proporcionando ademais unha descrición máis detallada do impacto da pandemia por sectores. Usamos para iso o modelo Trade-SCAN desenvolvido polo Centro Común de Investigación da Comisión Europea. Segundo a nosa análise, España lidera os resultados máis negativos en termos de emprego e Produto Interior Bruto (PIB), principalmente nos catro sectores máis afectados na Unión Europea (UE), a saber: o comercio; as actividades artísticas, deportivas, culturais e recreativas; os servizos a empresas; e as actividades de aloxamento, comidas e bebidas. É remarcable o feito diferencial de Irlanda, único país con crecemento do seu PIB, fundamentalmente debido ás súas exportacións de produtos farmacéuticos e servizos de tecnoloxía da información. En global, a economía europea caeu finalmente en 2020 un 6,1%, con certos patróns comúns en termos sectoriais en cada un dos seus países, fóra dalgúns casos como a agricultura romanesa ou a construción en Irlanda, entre outros.

Palabras clave

Impacto económico / Emprego / COVID-19/ Unión Europea / Trade-SCAN.

The economy of the European Union in times of COVID-19

Abstract

The COVID-19 pandemic is having an unprecedented impact on the European economy. In this article, we analyse the latest figures published by Eurostat for 2020 and the European Commission's Spring Economic Forecast 2021, at the same time providing a more detailed list of the impacts on the European economy by sector, using the Trade-SCAN model developed by the European Commission's Joint Research Centre. According to our analysis, Spain has the worst results in terms of employment and Gross Domestic Product (GDP), mainly in the four most affected sectors in the European Union (EU), namely, trade; artistic, sports, cultural and recreational activities; business services and accommodation, food and beverage activities. Ireland is remarkable, being the only country with growth in its GDP, mainly due to its exports of pharmaceutical products and information technology services. Overall, the European economy finally dropped by 6.1% in 2020, with certain common patterns in sectoral terms in each of its countries with the exception of some cases such as Romanian agriculture or the construction market in Ireland, among others.

Keywords

Economic impacts / Employment / COVID-19 / European Union / Trade-SCAN.

JEL Codes: C67, D57, R15.

* J. M. Rueda: josem.rcantuche@ec.europa.eu

¹ As opinións expresadas só comprometen ao seu autor e non poden considerarse unha posición oficial da Comisión Europea.

1. Introducción

A pandemia da COVID-19 está a ter un impacto considerable na economía. O brote pandémico levou a moitos países a tomar medidas sen precedentes, incluídos peches xeneralizados durante a primavera de 2020. O impacto das medidas de peche na economía foi dramático, e o levantamento desas medidas aínda está a afectar significativamente a algúns sectores como o comercio, o turismo, o transporte aéreo ou a hostalería. De feito, a pandemia da COVID-19 provocou unha recesión repentina e profunda.

A pesar da resposta forte, coordinada e innovadora no ámbito nacional e da Unión Europea, a incerteza segue sendo alta, especialmente no tocante a canto durará esta crise e a como afectará exactamente ás nosas vidas e economías. A pandemia afectou aos Estados membros en diversos graos, e espérase que a escala do impacto, así como o ritmo e a forza de recuperación, varíen significativamente dunha rexión/país a outro. Dependerá da evolución da pandemia e do ritmo de vacinacións.

O obxectivo deste traballo é analizar, con certa anticipación e de forma máis detallada, a evolución da economía europea en termos do seu PIB e do seu emprego por sectores durante o último ano. Para iso, combinaremos a información oficial máis recente proporcionada pola oficina estatística da Unión Europea (Eurostat) co modelo Trade-SCAN² desenvolto polo Centro Común de Investigación da Comisión Europea para a análise das cadeas globais de valor.

No seguinte apartado mostraremos os resultados macroeconómicos por países referidos ao PIB, á súa composición (consumo, investimento e balanza comercial) e ao emprego. Seguidamente, procedemos a describir o detalle sectorial dos devanditos impactos no terceiro apartado, e no cuarto realizamos un apuntamento sobre os desequilibrios fiscais dos países durante 2020. Finalizamos cunha reflexión sobre o que nos pode deparar o futuro e pechamos co sexto apartado a modo de conclusión.

Os resultados obtidos van en liña con traballos similares e informes institucionais publicados pola Comisión Europea (European Commission, 2021a, 2021b) e polo Banco Central Europeo (ECB, 2021), entre outros.

2. Impacto macroeconómico da COVID-19 na UE

Segundo os últimos datos publicados por Eurostat o 19 de abril de 2021, a economía da UE sufriu unha contracción do 6,1% en termos reais do seu PIB, sendo algo máis alta a da zona euro (6,6%). Por países, destaca España, con case un 11% de caída, seguida por Italia cun 9% e Grecia, Francia e Croacia por encima do 8% de caída do seu PIB en termos reais. É de destacar que Irlanda foi a única capaz de terminar o ano 2020 cun saldo positivo no seu crecemento económico, debido fundamentalmente ás súas exportacións de produtos médicos e sanitarios. A Figura 1 proporciona o detalle de todos os Estados membros.

Desde a perspectiva da demanda, o PIB fórmase a partir da suma do consumo de fogares e institucións sen fins de lucro (consumo privado), do consumo público (en forma de pagos financiados de servizos privados como gastos sanitarios, farmacéuticos, educación, transporte, etc.), da formación bruta de capital ou investimento e da balanza comercial, como diferenza entre exportacións e importacións.

² Esta desagregación dos impactos sectoriais realizouse co modelo Trade-SCAN (Arto, Dietzenbacher e Rueda-Cantuche, 2019; Román, Rueda-Cantuche, Amores e Florencio, 2020). Recentemente, os impactos económicos da crise de 2008 tamén usaron modelos similares (De la Torre, 2020). Trade-SCAN é un modelo input-output baseado nas Táboas Input-Output Multipaís (ICIO) da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) para o ano 2015 (<http://oecd/icio>), incluíndo os 27 países da UE e os seus principais socios comerciais. Os shocks iniciais de demanda sectoriais estimáronse sobre a base dos multiplicadores de valor engadido da mesma táboa e sobre as taxas de variación reais do PIB para os países e sectores (máis agregados) da UE durante o período 2019-2020. O suposto subxacente é que os impactos iniciais levaron aos resultados reportados por Eurostat sobre a base de que a economía se comporta no curto prazo como dita o modelo de Leontief. Ao final deste proceso lévase a cabo a calibración dos resultados replicando as cifras oficiais dos totais de cada economía, obtendo unha maior desagregación da que se puidese derivar dos datos oficiais, aínda pendentes de publicarse.

En 2019, o consumo privado na UE supoñía máis da metade do PIB (53,7%), seguido do investimento (22,5%) e do consumo público (20,7%), contribuíndo a balanza comercial só un 3,1% (en positivo). A zona euro proporciona basicamente idénticos resultados. Como consecuencia da pandemia, en 2020, prodúcese na UE un transvasamento desde todos os elementos que compoñen o PIB cara ao consumo público, o cal aumenta a súa contribución en 1,6 puntos porcentuais (p. p.) en detrimento do consumo privado (-0,7 p. p.), do investimento (-0,6 p. p.) e da balanza comercial (-0,3 p. p.). Malia que non existen datos oficiais que o soporten aínda, intuimos que o gasto sanitario e farmacéutico poida que sexa un dos factores máis relevantes neste comportamento do consumo público.




Figura 1. Taxa de variación do PIB real 2019-2020. Nota: Lituania: -0,8%, Irlanda: 3,4%. Fonte: Eurostat.

Por países, segundo se pode ver na Táboa 1, a situación é moi variada. España, Italia, Alemaña, Bélxica e Finlandia son os que presentan o mesmo tipo de comportamento que o conxunto da UE, aínda que é destacable que España case duplique a media europea no incremento da contribución do consumo público (3,1 p. p.), en detrimento fundamentalmente da súa balanza comercial (-1,9 p. p.). En cambio, a contribución do consumo público en Italia aumenta en 2,2 p. p. pero é á conta dunha redución no seu consumo privado (-1,3 p. p.) máis que froito dun empeoramento da súa balanza comercial. En Bélxica, a situación é moi similar á italiana, cunha redución do peso do consumo privado (-1,3 p. p.) e cun aumento do peso do consumo público (1,7 p. p.). En Finlandia, tanto o investimento como a balanza comercial permanecen case idénticos, supoñendo por iso que a subida do consumo público é compensada case completamente por unha caída no seu consumo privado. Finalmente, Alemaña presenta case as mesmas cifras que a media da UE, só que quizais empeorando algo máis a súa balanza comercial respecto á dita media, e á conta dun aumento maior na súa formación bruta de capital.

Existen outros casos onde a balanza comercial foi a gran prexudicada, reducindo a súa contribución en favor dos outros tres compoñentes do PIB: consumo privado, consumo público e investimento. Nesta situación atopámonos con Dinamarca, Estonia, Grecia, Croacia, Chipre e Portugal; onde Chipre é o país que máis deteriora a súa balanza comercial, cunha perda de case 9 p. p., seguida de Grecia e Croacia (-6 p. p.) e Estonia (-5,3 p. p.).

Táboa 1. Cambio de composición do PIB real en puntos porcentuais de participación, 2019-2020

País	Consumo privado	Consumo público	Investimento	Balanza comercial
Alemaña	-0,6	1,7	-0,4	-0,7
Austria	-1,6	1,7	0,2	-0,2
Bélxica	-1,3	1,7	-0,1	-0,3
Bulgaria	2,9	1,9	-1,6	-3,2
Chipre	0,8	3,3	4,7	-8,8
Croacia	0,8	2,3	2,7	-5,9
Dinamarca	0,4	0,7	0,9	-2,0
Eslovaquia	2,6	0,6	-4,3	1,2
Eslovenia	-2,4	1,4	-0,1	1,1
España	-0,8	3,1	-0,4	-1,9
Estonia	0,3	1,1	3,9	-5,3
Finlandia	-1,2	1,2	0,0	0,0
Francia	0,5	1,3	-0,2	-1,7
Grecia	1,9	2,4	1,8	-6,1
Hungría	1,6	0,9	-0,1	-2,4
Irlanda	-4,2	0,1	-15,9	20,0
Italia	-1,3	2,2	-0,4	-0,5
Letonia	-4,2	1,1	2,8	0,3
Lituania	-0,7	0,1	-3,3	3,9
Luxemburgo	-1,6	1,5	-1,8	1,9
Malta	-0,3	4,3	1,4	-5,5
Países Baixos	-1,2	1,1	0,2	0,0
Polonia	0,0	1,1	-2,2	1,1
Portugal	1,1	1,5	0,5	-3,1
República Checa	0,3	1,8	-2,2	0,1
Romanía	-0,5	0,9	1,9	-2,3
Suecia	-0,9	0,6	0,1	0,2

Fonte: Eurostat.

Así mesmo, noutros países foi o investimento a que retraeu a súa participación no PIB a favor dos outros tres compoñentes. Estes son os casos da República Checa e Polonia, cuxas reducións no compoñente de investimento estiveron ao redor dos 2,2 p. p., fundamentalmente compensadas por un incremento da contribución do consumo público de 1,8 p. p. na República Checa e un aumento por igual de 1,1 p. p., tanto no consumo público como na balanza comercial, en Polonia. En Eslovaquia, a caída do peso do investimento foi de 4,3 p. p. pero, en cambio, está compensada polo aumento da contribución do seu consumo privado e da mellora da súa balanza comercial. Merece destacarse tamén o caso de Letonia, onde se produce unha caída da contribución do consumo privado ao PIB importante (-4,2 p. p.) compensada polos outros tres compoñentes, principalmente por unha mellora significativa no compoñente de investimento (2,8 p. p.).

Finalmente, queremos resaltar tamén o caso especial de Irlanda, onde a mellora da balanza comercial supuxo un aumento de 20 p. p. compensada, case na súa totalidade, por caídas nas contribucións da formación bruta de capital (-15,9 p. p.) e do consumo privado (-4,2 p. p.). Segundo as estatísticas oficiais de Irlanda, a mellora da balanza comercial poderíase deber, fundamentalmente, ás exportacións de produtos médicos e farmacéuticos³.

³ <https://www.cso.ie/en/releasesandpublications/er/gei/goodsexportsandimportsdecember2020/>

En termos de emprego, segundo os últimos datos publicados por Eurostat, a economía da Unión Europea sufriu unha contracción dun 1,5%, sendo esta algo máis alta na zona euro (1,6%). Por países (Figura 2), destaca España cunha caída do 4,2%, seguida por Estonia cunha redución do 2,7% e de Letonia, Bulgaria, Hungría e Italia con algo máis do 2% de caída en termos de persoas empregadas. Cómpre destacar que Malta, Luxemburgo e Polonia foron os únicos países capaces de rematar o ano 2020 cun incremento no número de persoas empregadas, principalmente nos sectores de construción; servizos de programación, consultaría e outros servizos relacionados coa informática; e servizos de educación, respectivamente.




Figura 2. Taxa de variación do emprego 2019-2020. Nota: Bélxica (0%), Polonia (0,1%), Luxemburgo (2%) e Malta (2,6%). Fonte: Eurostat.

3. Impactos sectoriais da COVID-19 na UE

Por sectores a información é máis escasa aínda, pero o modelo input-output desenvolvido pola Comisión Europea, Trade-SCAN (Arto et al., 2019; Román et al., 2019), permite facer unha primeira achega dunha maior desagregación sectorial dos devanditos impactos baseados en datos oficiais.

No conxunto da UE, a redución no PIB en termos reais é dun total de 768,6 mil millóns de euros, sendo para a zona euro de 703 mil millóns. Na UE, o sector de comercio (almacenista e comerciante polo miúdo) é o máis prexudicado, con 142,3 mil millóns de caída, seguido polo sector de entretemento, actividades culturais e recreativas, cunha redución de 121,8 mil millóns respecto ao ano 2019. Algo menores, pero non por iso menos significativas, as caídas dos sectores de servizos a empresas, transporte e almacenamento, así como de hostalería e restauración, foron, respectivamente, de 83,2, 73,6 e 63,5 mil millóns de euros. Dentro da industria, as caídas máis pronunciadas foron as do sector eléctrico e de distribución de auga (incluída a xestión de augas residuais), con 14 mil millóns de euros, e a industria agroalimentaria, con 9,5 mil millóns de euros. Na Táboa A.1 (ver Anexo) pódense apreciar máis detalles sobre outros sectores. Para a zona euro, os sectores máis afectados pola COVID-19 veñen a ser os mesmos que para o conxunto da UE.

Por países, o comercio foi o sector máis prexudicado pola pandemia en dezaioito Estados membros da UE. Noutros sete foron o sector de entretemento, actividades culturais e recreativas, a saber: Alemaña, Lituania, Letonia, Países Baixos, Dinamarca, Polonia e Romanía. Finalmente, en Luxemburgo foi o sector da construción o que máis sufriu a pandemia, do mesmo xeito que en Estonia foi o sector primario. No lado oposto, atopámonos con que en nove⁴ países o sector de administracións públicas e defensa foi o que menos sentiu os efectos económicos da pandemia. Noutros seis, foi o sector de construción⁵, así como o sector de información e telecomunicacións⁶. Finalmente, o sector financeiro tivo o mellor comportamento en termos de PIB real en Finlandia e en Eslovaquia. Para maior detalle das cifras, pódese ver a Táboa A.1 (Anexo).

En termos de emprego, a Táboa A.2 (Anexo) mostra que a redución en 2020 foi de 3,1 millóns de persoas empregadas no conxunto da UE (-1,5%), sendo de 2,6 millóns na zona euro (-1,6%). O sector de comercio foi o máis acusado, cunha perda estimada de 625 mil persoas empregadas no conxunto dos Estados da UE, entre os que destaca España, cunha estimación de 157 mil, máis que dobrando as cifras alemás, que se situaron en 71 mil persoas empregadas menos que en 2019. Seguíronlle Italia e Francia, con 93 mil e 60 mil persoas empregadas menos que o ano anterior. Aínda cando en dez⁷ países o sector comercio foi o máis afectado pola pandemia, existen outros oito⁸ países onde o número de persoas empregadas diminuíu máis no sector de entretemento, actividades culturais e recreativas. Efectivamente, o devandito sector rexistrou unha caída de 562 mil persoas en toda a UE, e onde de novo España lidera a clasificación cunha perda estimada de 124 mil persoas empregadas, seguida de Alemaña (101 mil persoas), Francia (67 mil persoas) e Italia (60 mil persoas). Unhas pautas similares obsérvanse no sector de servizos a empresas e de hostalería e restauración, aínda que nestas últimas son España e Italia as que lideran a caída en persoas empregadas, estimándose nun 85 mil e case 52 mil, respectivamente.

Por último, merecen destacarse certos casos particulares onde os sectores máis danados pola pandemia non resultaron ser nin o comercio nin o de actividades recreativas, culturais e de entretemento. En Romanía⁹ e Estonia foi o sector primario, probablemente por decisións dos gobernos correspondentes sobre o comercio destes produtos; mentres, en Suecia e Bélxica resultou ser o sector de servizos de atención sanitaria e de servizos sociais. O sector de hostalería e restauración foi o máis prexudicado en Luxemburgo, mentres que en Irlanda o foi o da construción¹⁰, e o de metais básicos en Malta. Finalmente, os fogares que empregan persoal doméstico foron os que reduciron máis o seu número de persoas empregadas en Chipre e en Italia (véxase Táboa A.2 no Anexo).

4. Desequilibrios fiscais na Unión Europea

Un dos elementos máis importantes na determinación das secuelas a longo prazo da economía europea derivada da crise pandémica é o desequilibrio fiscal que produciu en todos os países sen excepción. Neste apartado resumimos, pois, algunhas das consideracións máis importantes publicadas polo informe de proxección económica da Comisión Europea (European Commission, 2021b).

Os défcits públicos aumentaron drasticamente en 2020. A partir de niveis historicamente baixos en 2019 (aproximadamente 0,5% do PIB), o déficit xeral dos gobernos da UE e da zona euro ascendeu en 2020 ao redor do 7%. A forte resposta fiscal posta en marcha para amortecer os efectos da pandemia nos fogares, traballadores e empresas afectados explicaría a metade do devandito aumento. A outra

⁴ Austria, Bulgaria, Chipre, Croacia, Eslovenia, Grecia, Letonia, Polonia e República Checa.

⁵ Alemaña, Bélxica, Dinamarca, Estonia, Lituania e Países Baixos.

⁶ Hungría, Irlanda, Malta, Portugal, Romanía e Suecia.

⁷ Austria, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, España, Finlandia, Grecia, Hungría, Portugal e República Checa.

⁸ Alemaña, Eslovenia, Dinamarca, Francia, Letonia, Lituania, Países Baixos e Polonia.

⁹ <https://www.world-grain.com/articles/13561-romania-suspends-non-eu-grain-exports>

¹⁰ <https://www.worldcement.com/special-reports/03042020/globaldata-reports-on-the-global-construction-outlook-in-the-midst-of-covid-19-outbreak/>

metade reflectiría, basicamente, o funcionamento do sistema automático de estabilizadores. A rápida activación na UE da “cláusula de escape xeral” da Estabilidade e do Pacto de crecemento, en marzo de 2020, permitiulles aos Estados membros tomar medidas contra a crise afastándose dos requisitos que normalmente se aplicarían baixo o marco fiscal europeo. Todos os Estados membros, excepto Dinamarca, rexistraron déficits superiores ao 3% do PIB en 2020, con sete países (Bélxica, Grecia, España, Francia, Italia, Malta e Romanía) rexistrando déficits de máis do 9% do PIB.

5. Que futuro nos depara en 2021?

Segundo o informe de previsión económica de primavera da Comisión Europea (European Commission, 2021b), tras a caída histórica da actividade rexistrada na primeira parte de 2020 e a repunta do verán, a economía da UE enfrontouse a outro revés a finais de ano a medida que o rexurdimento da pandemia provocou un novo conxunto de medidas restritivas. Coa produción caendo novamente o último trimestre de 2020 e o primeiro de 2021, nun 0,9% acumulado, a UE volveu entrar en recesión. Con todo, considerando a menor rigorosidade das restricións, a diminución da actividade foi moito máis leve que na primeira metade de 2020. As empresas e fogares adaptáronse tamén mellor ás limitacións cun maior apoio do crecemento e do comercio mundiais, así como cunha política fiscal máis sólida e continua. Para 2021 e 2022, a UE prognostica que o progreso nas vacinacións permitirá unha maior flexibilización das restricións na segunda metade do ano 2021. En 2022, séguese supoñendo que a COVID-19 continuará sendo unha preocupación de saúde pública e aínda se seguirán tomando algunhas medidas restritivas necesarias.

Existen, segundo o mesmo informe, unha serie de factores, tamén fundamentais, para as perspectivas sobre 2021 e 2022. Estes factores inclúen en que medida a UE poderá beneficiarse da resposta de fogares e empresas; e en que medida a crise deixará un potencial suficiente de aforro acumulado (principalmente en fogares de altos ingresos) durante a pandemia para ser liberado en forma de incrementos de demanda de servizos (os máis restrinxidos durante a pandemia). A política seguirá desempeñando un papel clave e, a medida que a recuperación se afiance, o seu enfoque terá que pasar do control de danos ao fortalecemento da recuperación e da resiliencia da economía da UE (plans nacionais de recuperación e resiliencia).

En conxunto, prevese que a economía da UE creza un 4,2% no ano 2021 e que se fortaleza ao redor do 4,4% en 2022 (4,3% e 4,4%, respectivamente, na zona euro). Con todo, segue habendo diferenzas substanciais entre países no ritmo de recuperación da crise. Doutra banda, o panorama mundial mellorou considerablemente, pero espérase unha recuperación asincrónica e desigual. As mellores perspectivas para a economía dos Estados Unidos reflicten o progreso no seu proceso de vacinación e os dous grandes paquetes fiscais adoptados a finais de 2020/principios de 2021. Polo tanto, espérase que estas boas perspectivas xeren efectos secundarios positivos para a economía mundial, incluída a UE. Na China, prevese que o crecemento continúe a un ritmo rápido, axudado polo dinamismo da demanda global de bens. Noutros lugares, moitas economías emerxentes atópanse nunha situación máis desafiante, con difícil acceso ás vacinas e cun limitado espazo político que pesa sobre as perspectivas de crecemento. Con todo, o PIB mundial (excluído o da UE) espérase que creza un 5,9% en 2021 e un 4,2% en 2022, no medio dunha sólida expansión do comercio mundial (excluída a UE).

O déficit das Administracións Públicas na UE e na zona do euro aumentou significativamente de arredor do 0,5% do PIB en 2019 a preto do 7% do PIB no ano pasado, debido ao impacto da operación de estabilizadores automáticos e a considerables medidas fiscais discrecionais. A taxa de déficit en ambas as áreas prevese que aumente aínda máis este ano, ata aproximadamente o 7,5% e o 8% do PIB, respectivamente, tras a ampliación do apoio ás políticas de emerxencia. No ano 2022, os déficits na UE e na zona euro calcúlase que se reduzan á metade ata aproximadamente o 3,75% do PIB, grazas á esperada e sostida recuperación económica e á eliminación gradual de gran parte do

apoio económico do sector público. En 2021, só en dous países (Dinamarca e Luxemburgo) se prevé que se execute un déficit de menos do 3% do PIB, mentres que Italia e Malta mostrarían as taxas de déficit máis altas, de case o 12%. No ano 2022, máis da metade dos Estados membros rexistrarían un déficit de máis do 3% do PIB, con Romanía liderando a proporción máis alta, que estaría preto do 7%.

Finalmente, os riscos que rodean a previsión do PIB feita pola Comisión Europea son altos, e seguirano sendo mentres a pandemia paire sobre a economía europea. Na fronte epidemiolóxica, os desenvolvementos relacionados coa pandemia, e a eficiencia e a eficacia dos programas de vacinación, poderían resultar mellor ou peor do asumido pola Unión Europea. No aspecto económico, este prognóstico pode tamén subestimar a propensión dos fogares para gastar ou, pola contra, o desexo dos consumidores de manter altos niveis de aforro preventivo. Outro risco sería unha retirada prematura das axudas económicas dos gobernos, que podería poñer en perigo a recuperación económica. Así mesmo, o impacto no mercado laboral e no sector financeiro podería resultar peor do previsto.

No lado positivo, un crecemento global máis forte do proxectado, particularmente nos Estados Unidos, podería ter un impacto máis beneficioso do esperado na economía europea, aínda cando puidese desestabilizar os mercados financeiros en países emerxentes ou con débedas altas en moeda estranxeira (dólares estadounidenses), debido á súa posible revalorización. A inflación na Unión Europea podería volverse máis alta se a repunta na economía europea e mundial é máis forte do esperado, ou se as limitacións actuais de subministracións nas cadeas globais de valor resultan máis persistentes.

6. Conclusións

O ano 2020 sempre será lembrado como o ano da pandemia da COVID-19 e do impacto sen precedentes que tivo non só na economía europea senón na economía mundial.

Cos últimos datos publicados por Eurostat o 19 de abril de 2021 e co último informe de proxección económica da Comisión Europea publicado o 12 de maio de 2021, este traballo analiza os principais resultados e estimacións que alí se atopan en relación co impacto que a pandemia tivo no PIB, nos seus compoñentes (consumo, investimento e balanza comercial), no emprego e nos desequilibrios fiscais dos países da UE.

A nosa achega máis interesante é a análise que, de forma complementaria e con certa anticipación, detalla ademais os impactos sectoriais da pandemia. Para iso, usamos o modelo Trade-SCAN desenvolvido polo Centro Común de Investigación da Comisión Europea para a análise das cadeas globais de valor.

Segundo a nosa análise, os catro sectores máis afectados na UE resultaron ser o comercio; as actividades artísticas, deportivas, culturais e recreativas; os servizos a empresas; o transporte; e as actividades de aloxamento, comidas e bebidas (principalmente relacionadas co turismo). Aínda así, hai sectores para os que a pandemia non foi tan prexudicial, tal é o caso da industria farmacéutica e os servizos de tecnoloxía de información en Irlanda, cuxas exportacións creceron exponencialmente. En global, a economía europea caeu finalmente en 2020 un 6,1%, con certas pautas comúns por sectores en cada un dos seus países, fóra dalgúns casos como a agricultura romanesa ou a construción en Irlanda, entre outros. España resultou ser o país máis prexudicado pola crise desatada en 2020 tanto en termos de emprego como de PIB.

Segundo o último informe de proxección económica da UE, as perspectivas de futuro son esperanzadoras pero cheas de incerteza nunha serie de factores que influirán de forma determinante na recuperación das economías europeas, desde a execución dos plans nacionais de recuperación e resiliencia ata o comportamento de aforradores, fogares e empresas, sen menoscabo da evolución do comercio e das grandes economías mundiais.

Anexo

Táboa A.1. Impacto macroeconómico (PIB real) por sector, en millóns de euros (2019-2020)

Sector	UE	Zona euro	Austria	Bélxica	Chipre	Alemaña	España	Estonia
Sector primario	-10.212	-8.973	-302	147	-26	-256	-1.840	-372
Industrias extractivas de produtos enerxéticos	-866	-516	-31	-3	-1	-17	-32	-11
Ind. extractivas de produtos non enerxéticos	-318	-294	-13	6	-1	3	-164	2
Activ. de servizos ás industrias extractivas	-65	-47	-1	0	0	-2	-8	0
Industrias da alimentación, bebidas e tabaco	-9.524	-8.621	-331	-240	-30	-428	-4.010	-13
